CONTOS PRA NENOS



R 44739

IRMANDADE DE GALICIA

O REI AVARENTO

CONTO PRIMEIRO

IMP. ZINCKE HERMANOS

Cantón Grande, 21 e Galera, 43

A CRUÑA

Para a Academia da Lingua Galega con fondo agarimo. O Editor e traductor

Janeiro/933.

Varela

O Rei Avarento

En certa aldea nasceu un neno con moi boa estrela, de quen dixo unha naipeira que chegaría a sere dono d' unha grande fortuna e que casaría coa filla d' un Rei.

Pasou El Rei pol-o pobo e perguntou si ocurría algunha nova importante. Contestáron-lle que acababa de nascere un neno baixo a influenza d' unha boa estrela. A nova, encheuno de carraxe, e dixo aos páis do neno:

—Dáde-me o voso neno que eu coidarei-no.

Os páis non querían; mas El Rei insisteu, e dixéronlle os páis:

—O neno nasceu con boa estrela e todo sairá ben.

El Rei puxo ao neno n-unha caixa e botouno ao río.

Mas a caixa en vez de afondarse nas augas, xurdeu; a corrente levouno, levouno até chegar â canle de un muiño. O muiñeiro e a sua muller, que non tiñan fillos, trataron moi ben ao rapaciño. Pasaron uns anos e un día, foi El Rei ao muiño e perguntou ao muiñeiro se aquel rapaz era fillo seu.—Non, Señor: atopeino no río metido n-unha caixa.

El Rei lembrouse que aquel era o neno que nascera con boa estrela.—Boas xentes—dixo El Rei, é preciso que este mozo leve unha carta â Raiña.

Na carta decía-lle â Raiña que mandase matar ao dadore.

O rapaciño púxo-se en camiño levando a carta; mas sin decatarse de

que perdera o camiño atopouse n-un moi longo pinal. Ao lonxe viu unha casiña pequena e case que derrumbada, foise camiño d-ela, e atopouse c' unha velliña sentada na lareira que lle perguntou:

—¿Qué vês buscar acó?

—Lévo-lle unha carta â Raiña; perdin-me no camiño, e quixera pasar a noite aquí.

—Mira, meu neno; esta casa é de ladróns e se te atoparan n-ela, matarían-te.

—Eu non teño medo, dixo o mozo, e ademais estou tan canso que non podo seguir viaxe.

Deitouse enriba d' nn tallo e quedou dormido. Cando chegaron os ladrons díxo-lles a vella: —Este probe rapaciño perdeuse no pinal; como viña tan canso, doume lástima. Leva unha carta pra darlle â Raiña.

Os ladrons colléron-lle a carta e leeron a orde de dar-lle morte ao portador, e o capitán rachouna e trocou-

lla por outra que decía â Raiña que tan axiña como a recebira era preciso que casara â Principesa c'o dador. O rapaz entregou a carta â Raiña; o casamento fíxose con grandes festas, e a filla de El Rei estaba moi contenta porque o mozo era guapo e amabre.

Poucos meses despois voltou El Rei ao seu Pazo, e viu que fora cumprido o acerto da naipeira. Cheo de carraxe porque fora-lle trocada a orde de morte, díxo-lle ao rapaciño:

¡Esto non pode ser así! Vaite: traerás-me tres cabelos do Demo, e despois poderás vivir coa Principesa.

Ao mandar-lle esto El Rey coidaba que o rapaz non voltaría mais.

—Eu non teño medo a ninguen— dixo o mozo—: atoparéi os tres cabelos do Demo. E púxo-se en camiño. Chegou a unha vila, e o guardian perguntóu-lle porque a fonte do mercado, que sempre dou viño, tiña secado xa.

—Diréi-cho cando volte.

Anda que andarás, chegou diante d' outra vila; o guardian perguntóulle porque a arbre que daba mazás de ouro tiña secado xa.

—Diréi-cho cando volte.

Moito mais lonxe chegou a un río ancho que tiña que atravesar, e non sabía de que maneira.

D'ali a pouco atopóuse ao bateleiro, quen lle preguntóu si tiña que estar ainda moito tempo pasando xente â outra veira.

—Agarda un pouco, direi-cho cando volte.

A outra banda do río atopóu a boca do inferno, que era moi moura. O Demo non estaba no seu Pazo; pero sí a dona das chaves, que sentada n-un sillón de osos facía calceta.

—¿Qué querías?—perguntóu-lle.

—Preciso tres cabelos da testa do Demo.

—¡Moito pides?—díxo-lle—: empor-iso, caiches-me en agrado, e axudaréi-te.

E trocando ao rapaciño en formiga, acochouno nos rizos do seu vestido.

Ademáis quero saber tres cousas: porqué unha fonte que sempre dou viño, secou xa; porqué unha arbre que daba mazás de ouro, secou xa; e porqué certo bateleiro está ainda na sua barca sen ser relevado.

—Xa escoitarás o que diga o Demo cando eu lle arrinque os tres cabelos.

—¡Aquí cheira a carne humana!—berrou o Demo ao entrar no Pazo.

—¡Ti sempre cheiras carne humana! ¡Boh, acouga e cala!

Axiña que cenou o Demo puxo a testa nos xoenllos da vella e mandoulle que lle catara as pulgas. Non tardou en adormecere, e a vella arrincóu-lle un cabelo.

—¿Qué fás?—dixo o Demo.

—Tiven un mal sono e tireiche dos cabelos.

—¿E qué soñaches?—perguntóulle o Demo, que é moi curioso.

—Soñei que a fonte que sempre botou viño, secou xa.

—Si—dixo o Demo—; hai un sapo embaixo de unha pedra; si o matan, volve a dar viño.

Adormeceu de novo o Demo, e a vella arrincóu-lle o segundo cabelo.

¡Abonda xa! ¿Qué fás?—berróu o Demo encabuxado.

—Soñaba que en certa vila hai unha arbre que daba mazás de ouro, e agora non ten nin follas.

—Sí—dixo o demo—; hai nn rato que roe a raíz, si o matan, a arbre dará de novo mazás de ouro.

Adormeceu outra vez, e arrincóulle o terceiro cabelo. O Demo erguéuse berrando; mas ela bulróu-no decíndolle—¿Quén se vé apartado de un mal sono?

—¿Outra vez soña-ches?—Sí; con un bateleiro que se queixa de non sere relevado.

—¡É un parvo!—dixo o Demo.—Non ten mais que poñer-lle o remo na man ao primeiro que pase o río, e o outro ficará de bateleiro eternamente.

Cando o Demo se foi do Pazo, a vella convertiu a formiga, no rapaciño do noso conto.

—Ahí tês os tres cabelos—díxo-lle a vella.—¿Oiches as respostas do Demo?—Non-as esquenceréi. ¡Gracias!—Pois non teñas medo, podes voltar â tua Terra.

Despediuse da vella meiga, cheo de ledicia por haber tido tan boa sorte.

Ao chegar onde estaba o bateleiro, e despois de pasar â outra veira, díxo-lle:

—Ao primeiro que veña a pasar o río, pon-lle o remo na man e quedarás ceibado.

Chegóu â vila onde estaba a arbre seca, e díxo-lle ao guardian: —Mata o rato, e a arbre dará de novo mazás

de ouro. En agradecemento dóu-lle ao rapaz dous cabalos cargados de onzas de ouro.

Chegóu â vila onde secara a fonte, e díxo-lle ao guardian:

—Na fonte, embaixo da pedra, hai un sapo: matáde-o e volverá a dar viño. O guardian regalóu-lle outros dous cabalos cargados de barras de prata.

O rapaciño chegóu o Pazo Real, e entregóu a El Rei os tres cabelos do Demo. El Rei quedóu satisfeito vendo que traía catro cabalos cargados de prata e ouro; e díxo-lle:

—A principesa é tua, podes vivir co ela. E, dime fillo: ¿onde atopaches tanto diñeiro?

—Collin-o na outra banda do río que pasei.—¿E podo eu coller outro tanto?—perguntóu-lle El Rei.—E moito mais—respondeu o rapaz.

O avarento Rei púxo-se en camiño, e en chegando ao río chamou ao bateleiro pra que o pasara. O bate-

leiro fixo-o entrar, en chegando â outra banda púxo-lle o remo na man e saltóu fora. O Rei quedóu de bateleiro en castigo da sua ruindade e avarencia e seguirá sendo bateleiro eternamente.

FIN

O gallego que non fala
na lingoa da sua Terra,
non sabe o que ten de seu,
nin é merecente d' Ela.

F-3030
Biblioteca